

26/02/2009 · XORNADAS DE BAILE TRADICIONAL DA ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS

A Asociación de Gaiteros Galegos presenta as Primeiras Xornadas de Baile Tradicional coa intención de cubrir a demanda existente por parte dos nosos asociados e dun gran público interesado neste aspecto da tradición galega, e dando así un importante paso no noso camiño para tentar abarcar tódalas manifestacións culturais tradicionais.

Durante estas Xornadas analizarase o estado do baile tradicional en Galiza, tomando as medidas oportunas para a súa normalización, potenciando o seu ensino e propoñendo materiais, métodos e actividades que o acheguen, non só ao ámbito das asociacións culturais, senón ao mesmo ensino oficial público e privado.

As Xornadas de Baile Tradicional están pensadas, en primeiro termo, para os profesionais do mundo da danza e do ensino en xeral; pretenden ser unha ferramenta para o desenvolvemento da súa actividade cotiá, proporcionándolles os coñecementos e materiais precisos para facer máis sinxela e efectiva a súa labor. Pero tamén están orientadas a todos aqueles interesados na cultura galega, xa sexan profesionais ou non, para que poidan completar os seus coñecementos e participar de xeito activo no debate para mellorar e dinamizar a nosa tradición.

Para asistir a estas Xornadas de Baile Tradicional, que se celebrarán o sábado 7 de Marzo no Centro Sociocultural do Castiñeiriño de Santiago de Compostela (Virxe de Fátima, s/n), é necesaria unha inscrición previa, que deberá realizarse antes do 4 de Marzo, a través do teléfono 986 847 074. Esta inscrición é totalmente gratuíta.

DIDÁCTICOS NON UNIVERSITARIOS

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ven de publicar unha resolución pola que se regula a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios.

Poderán solicitar estas subvencións as empresas mercantís do sector editorial, sexan persoas físicas ou xurídicas, sempre que, estando legalmente constituídas, cumpran os requisitos establecidos nesta resolución e non se encontren incursas nas exclusións previstas na Lei de subvencións de Galicia, e elaboren os recursos didácticos curriculares obxecto desta resolución.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 30 de abril de 2009. Podedes consultar o texto íntegro da convocatoria aquí.

24/02/2009 · CURSIÑOS XARABAL 2009

O 2009 trae unha nova edición dos cursiños Xarabal, que se celebrarán os días 9, 10 e 11 de Abril (xoves, venres e sábado coincidindo coa Semana Santa).

Os cursiños dispoñibles nesta edición serán:

Gaita técnica e interpretación.

Empalletado e afinación.

Construción de palletas.

Percusión tradicional.

Percusión folk.

Canto e pandeireta.

Baile tradicional.

Análise e interpretación da música tradicional.

Os interesados poden un correo cos datos persoais ou solicitar máis información no enderezo info@xarabal.org

OUTRAS NOVAS

Ghaiteirada na Baña

Novo traballo dos Carunchos

Programa da Foliada Forumfolk na Coruña

Novenas Noites de Tasca

AXENDA

26/02/2009

Trío Vaamonde, Lamas e Romero na na E. U. de Formación Profesorado ·
Lugo · 21:00 h

27/02/2009

Nova Galega de Danza na MOA · A Coruña · 20:30 h

IX "Noites de Tasca" no bar Casa Mosquera · Xanceda-Mesía

Nordestinas na MOA · A Coruña · 22:30 h

Foliada na Cafetería Lar · As Pontes · 22:30 h

Apertura do Furancho Malaherba · Matamá-Vigo · 23:00 h

28/02/2009

Serán en Gargamala · Gargamala-Mondariz

Susana Seivane en MOA · A Coruña · 20:30 h

Lizgairo no Teatro Centro Cultural Caixanova · Vigo · 20:30 h

Ghaiteirada no Local Social de San Vicente · A Baña · 21:00 h

Bonovo na MOA · A Coruña · 22:30 h

Foles Vellos no Furnacho Malaherba · Matamá-Vigo · 23:00 h

05/03/2009

Serán na Sala Nasa · Santiago de Compostela · 21:30 h